



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO QUE SUBSTITÚE O TABOLEIRO DE ANUNCIOS FÍSICO E AS SÚAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO**

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

1º. Tendo en conta o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas no que se establece que os actos administrativos serán obxecto de publicación cando así o establezan as normas reguladoras de cada procedemento ou cando o aconsellen as razóns de interese público así como os actos que, en todo caso, serán obxecto de publicación.

2º. Tendo en conta os artigos 81, 196 e 229 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais nos que se cita as obrigas de publicidade no Taboleiro de Anuncios.

3º. Tendo en conta o artigo 3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional no que se establece, como función pública da secretaría, dispoñer que se publiquen, cando sexa preceptivo, os actos e acordos da Entidade local nos medios oficiais de publicidade, no taboleiro de anuncios da mesma e na sede electrónica, certificándose ou emitíndose dilixencia acreditativa do seu resultado se así fose preciso.

4º. Tendo en conta a Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña publicada o 23 de marzo de 2016 no Boletín Oficial da Provincia núm. 56, e particularmente no Capítulo II. Contidos, artigo 19 “Contidos relativos aos servizos provinciais”, no que se establece o ámbito de aplicación da sede electrónica así como os seus contidos, entre eles, o taboleiro electrónico de edictos e anuncios da Deputación da Coruña.

5º. Tendo en conta a Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña publicada o 29 de setembro de 2017 no Boletín Oficial da Provincia núm. 186 que establece, no seu artigo 4, as obrigas do uso da lingua galega na documentación e actuación administrativa, sen prexuízo de que, cando legalmente sexa requisito, ademais de en galego tamén se fagan noutra(s) lingua(s).

### **RESOLVO:**

1º. A partir do 3 de agosto de 2021, procédese a substituír o Taboleiro de Anuncios físico da Deputación da Coruña polo Taboleiro Electrónico de Anuncios. A partir desa data, a publicación de acordos, resolucións, comunicacións ou actos administrativos que, por disposición legal ou regulamentaria deban publicarse en taboleiro de anuncios da Deputación Provincial da Coruña serán publicados, exclusivamente, no taboleiro electrónico de anuncios que contén a sede electrónica da institución arriba mencionada.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR

2º. O acceso ao Taboleiro Electrónico de anuncios realizarase a través da sede electrónica da Deputación da Coruña. O enderezo da páxina web é o seguinte: [sede.dacoruna.gal](http://sede.dacoruna.gal)

3º. O taboleiro electrónico de anuncios permite o acceso por medios electrónicos á información que se deba publicar ou notificar mediante anuncios e non require ningún mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán.

4º. Toda a información publicada no Taboleiro Oficial Electrónico da Deputación a Coruña será comprensible, de acceso fácil e gratuíta.

5º. Corresponde a Secretaría Xeral da Deputación da Coruña a ordenación e control da publicación de acordos, resolucións, comunicacións ou actos no Taboleiro Oficial Electrónico.

6º. O Secretario Xeral poderá delegar a xestión da publicación na Sección de Información e Actas.

7º. A solicitude de publicación deberá conter, como mínimo, os requisitos que se establecen a continuación:

- Nome do servizo ou unidade que solicita publicar o anuncio.
- Título do anuncio e o anuncio a publicar. O anuncio remitirase en formato electrónico firmado polo Presidente e o Secretario.
- Prazo de exposición. As persoas solicitantes de publicación indicarán o prazo de exposición en que os documentos deben permanecer no Taboleiro Electrónico oficial que, en todo caso, adecuarase á natureza do documento obxecto de publicación. Este prazo poderá ser prorrogado ou reducido polo Secretario Xeral.

8º. No caso de que a solicitude non cumpra cos requisitos mínimos esixidos no punto anterior ou ben que os documentos destinados a publicación non resulten accesibles, comunicarase á unidade ou servizo para que emende a súa solicitude.

9º. Os servizos e unidades son as responsables dos contidos dos documentos publicados no Taboleiro Oficial Electrónico en orden ao cumprimento das previsións normativas en relación coa protección de datos de carácter persoal.

10º. Os servizos e unidades serán os responsables da autenticidade do contido do documento orixinal e, se contén datos de carácter persoal, realizarán un control e comprobarán que o volumen de datos incluídos non sexa excesivo de acordo coa finalidade perseguida coa publicación.

11º. Os documentos recibidos para a súa publicación teñen carácter reservado e non poderá facilitarse información sobre os mesmos con carácter previo a súa publicación, salvo que as persoas solicitantes o autoricen expresamente.

12º. Os documentos publicados no Taboleiro Oficial Electrónico teñen a consideración de oficiais e auténticos e terán plenos efectos xurídicos.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR

13º. O Taboleiro Oficial Electrónico disporá dos mecanismos que garantan a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade do seu contido, nos termos previstos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

14º. Para os efectos do cómputo dos prazos que corresponda, garántese a constatación da data e hora de publicación dos edictos.

15º. O Taboleiro de anuncios electrónico estará dispoñible de forma ininterrompida, todas as horas do día e todos os días do ano. Cando por razóns técnicas prevéxase que o taboleiro de anuncios electrónico poida non estar operativo, informarase diso aos usuarios coa máxima antelación, indicando cales son os medios alternativos de consulta do taboleiro.

16º. A Deputación da Coruña conservará, mediante plataforma electrónica, os documentos electrónicos, xa sexan orixinais ou documentos electrónicos dixitalizados, publicados no Taboleiro Oficial Electrónico.